

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI29J	<i>Expediente</i> CON/5/2015	<i>Fecha</i> 23-11-15 13:06

Número 9 .- Servizo de organización e realización do programa de actividades de educación medioambiental e o programa de actividades do Centro de Interpretación do Medio Urbano e natural de Santiago de Compostela así como a realización das funcións de atención ao público e visitas guiadas ao devandito Centro de Interpretación.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de novembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

**9 .- SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL E O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MEDIO URBANO E NATURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ASÍ COMO A REALIZACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO E VISITAS GUIADAS AO DEVANDITO CENTRO DE INTERPRETACIÓN.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, de data 30 de outubro de 2015, así como do informe de Intervención nº 793/2015 da técnico de Intervención de data 12 de novembro de 2015, con observacións, conformado pola Interventora municipal coa mesma data.

Na devandita proposta indícase o seguinte:

**"Xan Xesús Duro Fernández**, concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia, finalizadas as reunións da mesa de contratación da licitación "Servizo de organización e realización do programa de actividades de educación medioambiental e o programa de actividades do Centro de Interpretación do Medio Urbano e natural de Santiago de Compostela así como a realización das funcións de atención ao público e visitas guiadas ao devandito Centro de Interpretación", conforme ós termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI29J	<i>Expediente</i> CON/5/2015	<i>Fecha</i> 23-11-15 13:06

817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 1 de outubro pasado celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador FEITORIA VERDE SOC COOP GALEGA.

Segundo: Con data 29 de outubro celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**


**PRIMEIRO:** Deixar sen efecto a proposta da mesa de 30 de abril pasado de rexeitamento da oferta presentada pola empresa Feitoría Verde Soc. Coop. Galega e de adjudicación a favor da empresa Sociedade Cooperativa Galega de Educación Medioambiental CEM, a que se lle devolverán as cantidades que depositou en concepto de garantía definitiva e taxas.


**SEGUNDO:** Adjudicar a prestación do servizo de referencia á empresa **FEITORIA VERDE SOC COOP GALEGA** que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **20.882,25 euros** (IVE aparte 21%: 4.385,27 euros), comprometendo como mellora un total de 785.5 horas adicionais.

Designase como técnico responsable do contrato a D. Ángel Pérez Otero, xefe da sección municipal de biodiversidade.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 17210 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 3.200 euros.  
Anualidade 2016: 22.067'52 euros."





CONCELLO DE  
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI29J	<i>Expediente</i> CON/5/2015	<i>Fecha</i> 23-11-15 13:06

Sello o Certificación Mecánica

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

**PRIMEIRO:** Deixar sen efecto a proposta da mesa de 30 de abril pasado de rexeitamento da oferta presentada pola empresa Feitoría Verde Soc. Coop. Galega e de adxudicación a favor da empresa Sociedade Cooperativa Galega de Educación Medioambiental CEM, a que se lle devolverán as cantidades que depositou en concepto de garantía definitiva e taxas.

**SEGUNDO:** Adxudicar a prestación do servizo de referencia á empresa **FEITORIA VERDE SOC COOP GALEGA** que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **20.882,25 euros** (IVE aparte 21%: 4.385,27 euros), comprometendo como mellora un total de 785.5 horas adicionais.

Designase como técnico responsable do contrato a D. Ángel Pérez Otero, xefe da sección municipal de biodiversidade.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 17210 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 3.200 euros.

Anualidade 2016: 22.067'52 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

